



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**

Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**  
Fax: **981- 51 30 00**  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: **P-1501200-H**

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO**

**LUGAR:** Casa do Concello

**DATA:** 8 de maio de 2013

**HORA DE COMEZO:** 13.35 horas

**HORA DE REMATE:** 14.45 horas

### **ASISTENTES:**

Don Jesús Sanjuás Mera  
Don Manuel Mouriño Varela  
Don Antonio González Barral  
Dona María Dolores García Couto  
Dona Sonia Rodríguez Midón  
Don Jesús José Santasmarinas Devesa  
Dona Raquel García Fraga  
Dona Adela Redondo Rendo  
Don Jesús Neira Varela  
Don Xabier Canabal Fernández  
Don David Paulino Calvelo Otero

### **AUSENTES:**

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o Alcalde don Jesús Sanjuás Mera, reuníronse os Concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola Secretaria dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocada cos requisitos legais.

### **ORDE DO DÍA**

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Modificación da Ordenanza reguladora da expedición de licenzas urbanísticas**
- 3. Recoñecemento extraxudicial de facturas**
- 4. Informe morosidade primeiro trimestre 2013**
- 5. Informe do Ministerio de Facenda e Admóns Públicas do cumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria , da regra do gasto e do nivel de débeda do presuposto 2013**

- 6. Mocións número 878 e número 879**
- 7. Información da alcaldía**
- 8. Toma de razón da renuncia do Concelleiro don David P. Calvelo Otero**
- 9. Rogos e Preguntas.**

## **DELIBERACIÓNS**

### **1.Aprobación da acta anterior.**

Por unanimidade apróbase a acta da sesión plenaria que tivo lugar o 13 de marzo de 2013.

### **2.Modificación da Ordenanza reguladora da expedición de licenzas urbanísticas**

Na ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de licenzas urbanísticas, constitúe o feito impositivo a actividade municipal, técnica e administrativa, dirixida a verificar se os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo que vaian realizarse no termo municipal de Boqueixón se axustan ao ordenamento urbanístico vixente e se reúnen as condicións esixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade, todo elo de conformidade co establecido no artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a súa normativa de desenrolo.

Regúlase entre as tarifas a aplicar a relativa á instalación de carteis publicitarios, se ben é preciso que na mesma ordenanza se fagan constar os requisitos necesarios para o outorgamento da licenza de instalación dos citados carteis, a esixencia dun seguro que cubra os posibles danos , a duración da licenza e os mecanismos de reacción municipal ante o incumprimento do disposto na ordenanza e evitar deste xeito a existencia de carteis publicitarios incontrolados ou anónimos no concello.

A continuación o señor Canabal di: “A ordenanza que se propón a súa modificación foi aprobada aló polo ano 2000. Mais dá a sensación de que vostedes a descubriron no pasado pleno cando lle fixen referencia a ela, na discusión dos carteis publicitarios que se atopaban instalados xunto ao cruceiro de Castrelo (Lestedo) e que foron, co bo criterio, retirados.

É por isto, polo que aproveitando os debates mantidos en dous dos plenos da corporación, sobre estes carteis, polo que quixera facer unha moi breve reflexión sobre a modificación que se presenta, e sobre os problemas de aplicación que estabamos a discutir nestes dous plenos:

A modificación da ordenanza unicamente tenta incrementar o potencial recadatorio pero non resolver ningún dos problemas que se presentaban sobre o feísmo (ubicación de carteis publicitarios xunto dun cruceiro, no caso concreto, cando se solicitaba que se retiraran ao outro lado da estrada).

O problema existente era, nos casos discutidos, a estética e a ubicación (a carón dun cruceiro). Pois ben, no canto de buscar solucións o máis xenéricas posibles, a solución que presentan e modificar a caducidade e duración das licenzas, é dicir, tentar con esta figura esquilmar aos locais comerciais deste concello.

A vostedes impórtalles un nabo a estética do concello. O único que buscan é recadar máis. É baixo este principio, non contén tampouco comigo, porque non vou apoiar a modificación por inxusta, baleira e cun afán única e exclusivamente recadatorio. Porén expoño unha alternativa.

**Alternativa.** O Concello de Boqueixón ten xa numerosos postes e varios modelos de indicadores. Aproveiten os modelos que xa teñen para obrigar que os indicadores (se queren dunha cor distinta) que as casas comerciais teñan necesidade de por se fagan nestes modelos xa existentes, e se coloquen, a poder ser, no mesmo poste do Concello. Deste xeito si tería senso a taxa, posto que se pagaba unha contribución económica pola realización dun servizo, e ademais se mantería unha certa estética sen anegar o concello de postes e valados publicitarios que rachen esta estética.

En caso de que se teña en conta a alternativa, o voto será favorable, posto que se tentará eliminar o feísmo dos indicadores publicitarios. Se non, pois o voto será contrario.

O señor Calvelo di que está a favor da modificación e do que se sinala no informe xurídico e de que a lei sexa igual para todos.

O señor Alcalde responde ó señor Canabal dicíndolle que foi el quen lles “abriu os ollos” porque de non ser así xa lle deberían ter cobrado ó señor Calvelo.

Respóndelle o señor Canabal que é grave que recoñeza que as ordenanzas non se cumpren.

De todas formas (segue dicindo o señor Canabal) coa aplicación da ordenanza segue sen resolverse o problema do feísmo.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do PP e do PS de G e en contra de ANOVA acórdase:

1. Modificar o artigo 10 da ordenanza “normas de xestión”, incluíndo o apartado número 3 que sinala os requisitos necesarios para a concesión de licenza para instalar carteis publicitarios: “Cando se trate de licenza para a instalación de carteis publicitarios, xunto coa solicitude deberá achegarse memoria descritiva da instalación que se pretende realizar, plano de situación, acoutado ó punto de referencia máis próximo sobre cartografía oficial, plano acoutado do estado actual e do estado futuro con valos publicitarios instalados, con expresión do número de valos publicitarios e dimensións de cada un deles (no caso de non precisar proxecto técnico), fotografías en cor do emprazamento, proxecto técnico visado, autorización da Administración titular da estrada se fora preciso, autorización da Consellería de Cultura no caso de instalación en zonas de influencia de elementos catalogados ou protexidos e xustificación de ter subscrito unha póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra os danos que poidan derivarse da súa colocación, mantemento e conservación”.

2. Modificar o artigo 12 da ordenanza “caducidade e duración das licenzas”, no senso de incluír o apartado número 3: “No caso de carteis publicitarios o prazo de vixencia das licenzas será de dous anos, prorrogables logo de petición expresa do titular antes da súa extinción, por outro período de igual duración, logo da presentación de acreditación técnica de que o valo publicitario mantén as condicións esixidas no momento da súa concesión, especialmente as referidas ós elementos estruturais de sustentación.

*Non obstante, transcorridos os prazos, poderase solicitar de novo licenza para os mesmos emprazamentos.*

*Para a obtención destas novas licenzas será imprescindible presentar a documentación que acredite o aboamento das taxas establecidas polo Concello durante o período de vixencia da licenza anterior.*

*Terminada a vixencia dunha licenza, o seu titular deberá desmontar a instalación correspondente, dentro do prazo máximo dun mes”.*

3. Modificar o artigo 13 da citada ordenanza “infraccións e sancións” engadindo o apartado 2: “*Como medida complementaria , ademais do disposto no punto anterior a administración municipal poderá ordenar a desmontaxe ou retirada dos valos publicitarios.*

*A orde de desmontaxe ou retirada de valos publicitarios deberán cumprirse polos interesados no prazo máximo de oito días.*

*No caso de incumprimento, os servizos municipais procederán á execución subsidiaria a costa dos obrigados, que deberán aboar os gastos de desmontaxe, transporte e almacenaxe ou ben á imposición de multas coercitivas polo importe indicado na Lei 9/2002”.*

4. Publicar este acordo durante 30 días no BOP e no taboleiro de edictos do concello e consideralo definitivamente aprobado, no caso de non presentarse reclamacións.

### **3.Recoñecemento extraxudicial de facturas**

Dáse conta da factura de data 1/01/2013, presentada pola floraría “Flor con arte” o día 11 de abril de 2013, rexistro de entrada 13/702, por 8 ramos e 20 centros e importe de 1.000,00 euros (IVE engadido).

Así mesmo consta o informe emitido por Secretaría-Intervención, que literalmente di:

#### **“Antecedentes**

*1/ O día 11 de abril de 2013, rexistro de entrada número 13/702 recíbese no concello a factura nº 204 de data 01/01/2013, de Floraría “Flor con Arte” por 8 Ramos e 20 Centros por importe total de 1.000,00 € IVE incluído.*

*2/ Non constan nin se xustifican a razón dos ramos e dos centros, aínda que ao ser facturadas con data 1 de xaneiro parece evidente que a operación obxecto da factura tivo lugar en ano ou anos anteriores ao 2013.*

#### **Consideracións Xurídicas:**

*1/ Artigo 2 aptdo. 2 do Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, que establece: “deberá expedirse factura e copia desta en todo caso nas seguintes operacións:*

*f.- Aquelas das que sexan destinatarias persoas xurídicas que non actúen como empresarias ou profesionais ou as administracións públicas a que se refire o artigo 2 da lei 30/1992 (Estado, CC.AA, Concellos...)*

*2/Articulo 4 do mesmo Real Decreto establece no aptdo. 1/ que se consideran facturas simplificadas, as de importe inferior a 400,00 IVE incluído así como as facturas rectificativas. No apartado 2/ establece que sen prexuízo do establecido no apartado 1/*

*poderán ademais expedirse facturas simplificadas cando o seu importe non exceda de 3.000 € IVE incluído nas operacións que se indican neste apartado 2.*

*3.Os artigos 6 e 7 establecen os datos ou requisitos que deben remitir as facturas, entre outros: a descrición das operacións, a identificación do tipo de bens entregados ou servizos prestados, e a data na que se efectuaron as operacións que se documentan, sempre que se trate dunha data distinta á da expedición da factura.*

*4/O artigo 11 establece que o prazo para a expedición das facturas será no momento de realizarse a operación.*

*Non obstante cando se trate dun empresario ou empresario, as facturas deberán expedirse antes do día 16 do mes seguinte en que se produce o devengo do importe.*

*5/Artigo 18 establece a obriga de remitir as facturas no mesmo momento da súa expedición, ou ben, cando o destinatario sexa un empresario ou profesional que actúe como tal, no prazo dun mes a partir da data da súa expedición.*

*6/Art. 13, establece que poderá incluírse nunha soa factura distintas operacións realizadas en distintas datas para un mesmo destinatario, **sempre que as mesmas se efectuaran dentro dun mesmo mes natural.***

*Estas facturas deberán expedirse como máximo ó último día do mes natural no que se efectúen as operacións que se documenten nelas.*

*Non obstante se o destinatario é un empresario ou profesional a expedición deberá realizarse antes do día 16 do mes seguinte a aquel no que se realizan as operacións.*

*7/Con data 1 setembro 2009, esta secretaría intervención emitiu informe en relación coas facturas recibidas no concello o 8 de xullo 2009 que foran aprobadas no pleno do 9 de setembro 2009. Naquela data xa se indicaba que non se cumprían os requisitos esixidos pola lexislación daquela vixente (real decreto 1496/2003 do 28 de novembro), e se sinalaba os requisitos que debían cumprir as facturas segundo os correspondente artigos. Requisitos que coa lexislación actual se manteñen e mesmo se intensifican nalgúns casos.*

### **Conclusión**

*Unha vez máis a entidade Floraría “Flor con Arte”, emite con data 01/01/2013, unha factura na cal unicamente se indican que son 8 ramos e 20 centros.*

*Salvo que todos os ramos e centro se adquiriran nesta data 01/01/2013 (o cal non se indica na factura), a factura debe ser recoñecida polo Pleno da corporación.*

*Por outro lado, salvo así mesmo, que todos os ramos e centros se adquirisen no mes de decembro, a data da expedición non cumpre a previsión legal. Tampouco, cumpre a legalidade a data de remisión da factura ao concello.*

*Por último, se os ramos e centros foran adquiridos ao longo do ano 2012 ou incluso anos anteriores, tampouco se cumpre o establecido no Real Decreto porque se deberían facturar os centros ou ramos que correspondan dentro de cada mes natural.*

*Consecuentemente, a factura nº 204 de data 01/01/2013 presentada por Floraría “Flor con Arte”, non reúne os requisitos legais esixibles. Por último, indicar que non consta a formalización do correspondente contrato menor nin licitación de ningún tipo de subministro a esta empresa.*

*Todo o cal se informaba con data 1 de setembro de 2009, por facturas similares e do que o pleno da corporación daquela tivo coñecemento e agora se cometen as mesmas infraccións”.*

A continuación o señor Canabal di que “este é un rito anual e que custa xa manter a orixinalidade, posto que por máis que saquemos informes, artigos da lexislación recordándolle que a figura é extraordinaria e excepcional, pois é un acto habitual neste concello.

Comezando pola lexislación básica:

- O propio Consello de Contas de Galicia, ten reflectido no informe de fiscalización a este concello que “o recoñecemento extraxudicial de créditos é reflexo dunha situación de deficiente xestión municipal que trata de dar solución á existencia de obrigas de pago sen crédito orzamentario”.
- Aínda que como é lóxico, esta figura existe e aparece dentro da lexislación referida ás facendas locais, está permitido “excepcionalmente” pola lei como medida de protección dos intereses de terceiros (só faltaría que os provedores non cobraran pola mala xestión do alcalde de turno).
- Mais a súa aplicación, e así está recoñecido na xurisprudencia e nos diversos informes do propio Consello de Contas de Galicia, “supón unha quebra do propio concepto de orzamento e dos principios de anualidade e especialidade cualitativa e cuantitativa”.

Analicemos o grao de “excepcionalidade” no Concello de Boqueixón:

- Dende o ano 2000 o concello de Boqueixón recoñeceu extraxudicialmente 3.096.612,97 €?
- No que vai de ano, nos tres plenos ordinarios, o Concello de Boqueixón recoñece 312 facturas correspondentes ao ano 2012 por un importe de 95.765,04 €.

Desagrego a continuación os recoñecementos extraxudiciais de crédito dende o ano 2000, simplemente para a súa incorporación á acta desta sesión.

| REC  |              |
|------|--------------|
| 2000 | 51.086,03 €  |
| 2001 | 210.354,24 € |
| 2002 | 276.465,57 € |
| 2003 | 211.948,54 € |
| 2004 | 471.508,78 € |
| 2005 | 127.291,12 € |
| 2006 | 223.040,71 € |
| 2007 | 196.060,25 € |
| 2008 | 748.239,16 € |
| 2009 | 290.082,17 € |
| 2010 | 131.816,17 € |
| 2011 | 62.955,19 €  |
| 2012 | 95.765,04 €  |

Obvio pois recordarlle que isto racha o principio de anualidade do propio orzamento, ou que con estas prácticas non hai cristo que faga unha fiscalización das contas do concello. E nunca ninguén no Concello deu unha explicación lóxica da situación, aparte de balbucir algunhas estupideces peregrinas.

Mais ademais desta irregularidade, a factura que se presenta incumpre a lexislación vixente por outros motivos. Di o informe de fiscalización sobre a factura en concreto que se trae ao pleno da corporación:

- Existe obriga de remitir as facturas no mesmo momento da súa expedición, ou ben, cando o destinatario sexa un empresario ou profesional que actúe como tal, no prazo dun mes a partires da data da súa expedición.
- A lexislación establece que poderá incluírse nunha soa factura distintas operacións realizadas en distintas datas para un mesmo destinatario, sempre que as mesmas se efectuaran dentro dun mesmo mes natural.
- Con data 1 de setembro 2009 esta secretaría intervención emitiu informe en relación coas facturas recibidas no concello o 8 de xullo de 2009 que foran aprobadas no pleno do 9 de setembro de 2009. Naquela data xa se indicaba que non se cumprirían os requisitos esixidos pola lexislación daquela vixente (RD 1496/2003 do 28 de novembro), e sinalábanse os requisitos que deberan cumprir as facturas segundo os correspondentes artigos. Requisitos que coa lexislación actual se manteñen e mesmo se intensifican nalgúns casos.
- Con todo isto conclúe o informe:

Unha vez máis a entidade Floraría “Flor con arte”, emite con data 01/01/2013, unha factura na cal unicamente se indican que son 8 ramos e 20 centros.

Salvo que todos os ramos e centros se adquiriran nesta data 01/01/2013 (o cal non se indica na factura), a factura debe ser recoñecida polo pleno da corporación.

Por outro lado, salvo así mesmo, que todos os ramos e centros se adquirisen no mes de decembro, a data da expedición non cumpre coa previsión legal. Tampouco, cumpre a legalidade a data de remisión da factura ao concello.

Por último, se os ramos e centros foran adquiridos ao longo do ano 2012 ou incluso en anos anteriores, tampouco se cumpre co establecido no Real Decreto porque se deberían facturar os centros ou ramos que correspondan dentro de cada mes natural.

Consecuentemente a factura nº 204 de data 01/01/2013 presentada por Floraría Flor con Arte, non reúne os requisitos legais esixibles. Por último indicar que non consta a formalización do correspondente contrato menor nin licitación de ningún tipo de subministro a esta empresa.

Todo o cal se informaba con data 1 de setembro de 2009, por facturas similares e do que o pleno da corporación tivo coñecemento e agora se cometen as mesmas infraccións.

Sobra pois dicir que deixen a factura sobre a mesa se non queren meterse en máis problemas dos que resolverían pagando”.

O señor Calvelo di que a factura debería sinalar quen fixo o pedido e a finalidade e mesmo se debería facer un contrato menor.

O señor Alcalde respóndelle ó señor Calvelo que coñece ás persoas ás que se remitiron os centros, e o señor Calvelo di que o sospeita pero que “deberíase especificar na factura”.

Cos votos a favor do PP e en contra do PS de G e ANOVA, apróbase a seguinte factura para o seu aboamento con cargo ó presuposto deste ano 2013:

| Nº factura | Razón social           | Data factura | Importe | Descrición           |
|------------|------------------------|--------------|---------|----------------------|
| 204        | Floraría Flor con Arte | 0/01/2013    | 1.000 € | 8 ramos<br>20 centos |

#### **4.Informe morosidade primeiro trimestre 2013**

##### A) Informe sobre o cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pago de obrigacións.

###### **I.- NORMATIVA APLICABLE**

- Lei 37/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro. .
- RDL 2/2004, de 5 de marzo. Texto Refundido da Lei de Facendas Locais
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

###### **II.- CONSIDERACIÓNS**

En aplicación do establecido na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, nos seus artigos 4º.3 e 5º.4, canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento, por parte desta Entidade Local, dos prazos previstos para o pago das obrigacións, que se concretan no art.1º.3 e o art. 3º.3 da citada Lei, para o trámite que proceda emítese o presente informe:

O prazo ao que se refire o art. 4º.3 da Lei 15/2010 é o establecido no art. 3º.3 da devandita lei que engade a disposición transitoria 8ª á Lei 30/2007, de contratos do sector público, determinando que:

*“Entre el 1 de enero de 2013 y el 31 de diciembre de 2013, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los treinta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato”.*

Que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 xaneiro e 31 de marzo de 2013 obtense a seguinte información:

a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no trimestre:

|                 | Dentro do período legal de pago | Fora do período legal de pago |
|-----------------|---------------------------------|-------------------------------|
| Número de pagos | 242                             | 72                            |
| Importe total   | 276.781,67                      | 52.337,16                     |

Que respecto da información relativa ao número e importe de obrigacións pendentes nas que se está incumprindo o prazo de pago legalmente establecido resúmese nos cadros seguintes:

b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre. ( art. 4º.3 Lei 15/2010)

|                 | Dentro do período legal de pago | Fora do período legal de pago |
|-----------------|---------------------------------|-------------------------------|
| Número de pagos | 43                              | 0                             |
| Importe total   | 50.375,65                       | 0                             |

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta Entidade Local e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obrigación ( art. 5º.4 Lei 15/2010):

**Número de operacións: 0**

**Importe total: 0,00**

A relación das facturas ou documentos xustificativos que ao final do trimestre indicado atópanse nesta situación, acompáñase como anexo a este informe.

### III.- CONCLUSIÓN

É canto se ha de informar segundo a normativa de aplicación, proponendo:

- Que se de traslado do presente informe e anexos aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.
- Que se de traslado ao Pleno de acordo co establecido no art. 5º.4 da Lei 15/2010.

#### B) Detalle de pagos realizados e pendentes de pago da entidade, 1ºT do 2013

| Pagos realizados no trimestre       | Período medio pago (PMP) (días) | Período medio pago excedido (PMPE) (días) | Pagos realizados no trimestre |               |                         |               |
|-------------------------------------|---------------------------------|-------------------------------------------|-------------------------------|---------------|-------------------------|---------------|
|                                     |                                 |                                           | Dentro período legal pago     |               | Fóra período legal pago |               |
|                                     |                                 |                                           | Número de pagos               | Importe total | Número de pagos         | Importe total |
| Gastos en Bens Correntes e Servizos | 25,99                           | 28                                        | 239                           | 235.072,12    | 72                      | 52.337,16     |

|                                                          |       |    |     |            |    |           |
|----------------------------------------------------------|-------|----|-----|------------|----|-----------|
| <b>Aplicados a Presupuesto (Cap. 2) por artigos</b>      | 25,99 | 28 | 239 | 235.072,12 | 72 | 52.337,16 |
| 20.- Arrendamentos e Canons                              |       |    |     |            |    |           |
| 21.- Reparación Mantemento e Conservación                | 28    | 28 | 48  | 73.932,76  | 8  | 20.911,34 |
| 22.- Material Subministro e Outros                       | 25    | 28 | 185 | 159.090,37 | 61 | 31.045,29 |
| 23.- Indemnización por razón del servizo                 | 25    | 28 | 6   | 2.048,99   | 3  | 380,53    |
| 24.- Gasto de publicacións                               |       |    |     |            |    |           |
| 26.- Traballos realizados por Institucións s.f. de lucro |       |    |     |            |    |           |
| 27.- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas      |       |    |     |            |    |           |
| 2.- Sen desagregar                                       |       |    |     |            |    |           |
| Pendientes de aplicar ao Presupuesto                     |       |    |     |            |    |           |
| <b>Inversións reais</b>                                  | 20    | 0  | 3   | 41.709,55  | 0  | 0,00      |
| Aplicados a Presupuesto (Capítulo 6)                     | 20    | 0  | 3   | 41.709,55  |    |           |
| Pendientes de aplicar a Presupuesto                      |       |    |     |            |    |           |
| <b>Outros pagos realizados por operacións comerciais</b> | 0     | 0  | 0   | 0,00       | 0  | 0,00      |
| Aplicados a Presupuesto                                  |       |    |     |            |    |           |
| Pendientes de aplicar a Presupuesto                      |       |    |     |            |    |           |
| <b>Sen desagregar</b>                                    | 0     | 0  | 0   | 0,00       | 0  | 0,00      |
| Aplicados a                                              |       |    |     |            |    |           |

|                                               |                |           |            |                   |           |                  |
|-----------------------------------------------|----------------|-----------|------------|-------------------|-----------|------------------|
| Presuposto                                    |                |           |            |                   |           |                  |
| Pendientes de aplicar a Presupuesto           |                |           |            |                   |           |                  |
| <b>TOTAL pagos realizados en el trimestre</b> | <b>25,2309</b> | <b>28</b> | <b>242</b> | <b>276.781,67</b> | <b>72</b> | <b>52.337,16</b> |

| Intereses de demora pagados no trimestre          | Intereses de demora pagados no período |                         |
|---------------------------------------------------|----------------------------------------|-------------------------|
|                                                   | Número de pagos                        | Importe total intereses |
| Gastos Corrientes en Bens e Servizos              |                                        |                         |
| Inversións reais                                  |                                        |                         |
| Outros pagos realizados por operacións comerciais |                                        |                         |
| Sen desagregar                                    |                                        |                         |
| <b>Total</b>                                      | <b>0</b>                               | <b>0,00</b>             |

| Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ó final do trimestre | Período medio do pendente de pago (PMPP) (días) | Período medio do pendente de pago excedido(PMPPE) (días) | Pendentes de pago a final do trimestre         |               |                                              |               |
|------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------|----------------------------------------------------------|------------------------------------------------|---------------|----------------------------------------------|---------------|
|                                                                              |                                                 |                                                          | Dentro período legal pago a final do trimestre |               | Fora período legal pago a final do trimestre |               |
|                                                                              |                                                 |                                                          | Número de operacións                           | Importe total | Número de operacións                         | Importe total |
| <b>Gasto en Bens Corrientes e Servizos</b>                                   | 9,9879                                          | 0                                                        | 43                                             | 50.375,65     | 0                                            | 0.00          |
| 20.- Arrendamentos e Canons                                                  |                                                 |                                                          |                                                |               |                                              |               |
| 21.- Reparación Mantemento e Conservación                                    | 10                                              |                                                          | 16                                             | 33.081,67     |                                              |               |
| 22.- Material Subministro e Outros                                           | 10                                              |                                                          | 23                                             | 16.989,68     |                                              |               |
| 23.- Indemnización por razón do servizo                                      | 8                                               |                                                          | 4                                              | 304,30        |                                              |               |
| 24.- Gasto de publicacións                                                   |                                                 |                                                          |                                                |               |                                              |               |
| 26.- Traballos realizados por Institucións s.f. de lucro                     |                                                 |                                                          |                                                |               |                                              |               |
| 27.- Gastos imprevistos e                                                    |                                                 |                                                          |                                                |               |                                              |               |

|                                                                                                                                                                                    |                                                          |          |                                    |                  |          |             |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------|----------|------------------------------------|------------------|----------|-------------|
| funcións non clasificadas                                                                                                                                                          |                                                          |          |                                    |                  |          |             |
| 2.- Sen desagregar                                                                                                                                                                 |                                                          |          |                                    |                  |          |             |
| Inversións reais                                                                                                                                                                   |                                                          |          |                                    |                  |          |             |
| Outros pagos realizados por operacións comerciais                                                                                                                                  |                                                          |          |                                    |                  |          |             |
| Sen desagregar                                                                                                                                                                     |                                                          |          |                                    |                  |          |             |
| <b>TOTAL operacións pendentes pago final trimestre.</b>                                                                                                                            | <b>9,9879</b>                                            | <b>0</b> | <b>43</b>                          | <b>50.375,65</b> | <b>0</b> | <b>0,00</b> |
| Facturas o docum. Xustificativos al final del trimestre con más de tres meses de su anotación en rexistro de facturas, pendentes del recoñecemento da obriga (Art.5.4 Lei 15/2010) | Período medio operacións pendentes recoñecemento (PMOPR) |          | Pendentes de recoñecemento obrigas |                  |          |             |
|                                                                                                                                                                                    |                                                          |          | Número                             | Importe total    |          |             |
| Gastos Correntes en Bens e Servizos                                                                                                                                                |                                                          |          |                                    |                  |          |             |
| Inversións reais                                                                                                                                                                   |                                                          |          |                                    |                  |          |             |
| Sen desagregar                                                                                                                                                                     |                                                          |          |                                    |                  |          |             |
| <b>Total</b>                                                                                                                                                                       | <b>0</b>                                                 |          | <b>0</b>                           | <b>0,00</b>      |          |             |

## 5.Informe do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do cumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria , da regra do gasto e do nivel de débeda do presuposto 2013

Dáse conta da comunicación do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas de que na elaboración do presuposto 2013 do Concello de Boqueixón cúmprese o obxectivo de estabilidade presupostaria, a regra de gasto cun límite de gasto de 1.896.319,89 € e do nivel de débeda viva que é de 902.777,77 euros.

## 6.Mocións número 878 e número 879

A) Moción número 878 presentada polo Concelleiro don Xabier Canabal Fernández:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

PRIMEIRO: A asociación de Veciños de Lestedo, así como a Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio acordaron en sendas asembleas solicitar a este Concello que inicie os trámites necesarios para recuperar a extinta FONTE DO SANTO, que estaba radicada cerca do cumio do Pico Sacro.

SEGUNDO: Esta Fonte era un dos símbolos do Pico e Boqueixón, unha Fonte de cantigas populares e literatura, tamén patrimonio lendario e de gran significado

sentimental para todos aqueles que puxeron, tal como invoca a cantiga, “naquel picho o seu labio”.

TERCEIRO: Dende Anova Boqueixón queremos felicitar esta iniciativa e sumarnos ás peticións da Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio e da Asociación de Veciños de Lestedo ao entender necesario a restauración do servizo de auga para uso e goce de romeiros e cidadáns en xeral e que na actualidade se atopa canalizada para servizo privado.

CUARTO: Aparte da canalización para uso privado desta auga, os veciños de máis idade da parroquia de Lestedo afirman que as pedras que formaban parte desta fonte están na actualidade en posesión do Ex Alcalde de Boqueixón, José Ramón Corujo Quián.

E así que, atendendo á exposición de motivos, someto ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

1. O apoio ás iniciativas da Asociación de Veciños de Lestedo e da Asociación Cultural Manuel Gacio para a recuperación da auga da extinta Fonte do Santo para use e goce dos romeiros e cidadáns en xeral.
2. A recuperación das pedras orixinais desta fonte.

O señor Calvelo di que sendo o Alcalde de Boqueixón e mesmo médico tamén en Boqueixón, conseguiu que os veciños lle asinaran a autorización para o cerramento dunha parcela na que se atopaba a “FONTE DO SANTO”, que daquela era de uso e goce dos romeiros e cidadáns en xeral.

Di o señor Calvelo que a única persoa que se opuxo daquela foi un familiar del (do señor Calvelo) e que el mesmo descoñecía que as pedras que formaban parte desa fonte na actualidade están en posesión do exalcalde don José Ramón Corujo Quián.

Segue dicindo o señor Calvelo que lle gustaría que a fonte se arranxara e preste o servizo que corresponde ás persoas.

Por isto o señor Calvelo apoia esta moción.

O señor Alcalde di que rexeitan esta moción. Que estivo coa asociación de veciños de Lestedo; que lle expuxeron o tema e que lles dixo que “conten co seu apoio”, pero como diso hai polo menos vinte anos, se o desexan que vaian á leira do señor Corujo e retiren as pedras, pero que con el non deben contar.

O señor Calvelo di que sendo o médico e á vez o alcalde ¿quén ía dicirlle non daquela?

O señor Alcalde responde que se cando se fixo a concentración parcelaria reclamaran a auga, posiblemente non lle darían a leira ó señor Corujo. Agora é unha propiedade privada.

O señor Canabal di que por riba da propiedade privada está o ben común e que o formula por si polas boas se pode recuperar.

O señor Calvelo di que agora todas as augas son públicas

O señor Canabal di que pensa que o PP apoia o exalcalde señor Corujo por riba do ben público e que fala de apoio non de ir con escopetas.

O señor Alcalde di que el nunca viu esa fonte e o señor Canabal di que tampouco.

Procédese coa votación da moción número 878 presentada polo Concelleiro don Xabier Canabal Fernández. Votan a favor os representantes de ANOVA e do PS de G e en contra os do PP, quedando polo tanto rexeitada.

B) Moción número 879 presentada polos Concelleiros don David P. Calvelo Otero e don Xabier Canabal Fernández:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

PRIMEIRO: En relación á construción dun Tanatorio na Casa da Cultura de Camporrapado, os concelleiros que presentan a moción sempre mantivemos o noso voto contrario ao considerar que esta situación prexudicaría o normal funcionamento da propia casa da Cultura así como das actividades que se desenvolven no entorno (Campo de Fútbol, Escola Infantil...). Así foi advertido por ambos concelleiros tanto no pleno do 26 de outubro de 2012, cando o PP en solitario aprobou o cambio de uso na parcela na cal se sitúa a Casa da Cultura de Camporrapado, como no pleno do 21 de decembro de 2012, cando o PP, tamén en solitario decide iniciar o expediente para a concesión privativa dun ben de dominio público para a instalación dun tanatorio – velorio e aprobar o prego de Cláusulas administrativas que han de rexer a concesión do uso privativo de dominio público municipal para a explotación e mantemento dun tanatorio – velorio sito na planta baixa da Casa de Cultura de Camporrapado.

SEGUNDO: O 15 de xaneiro de 2013, publícase no BOP a licitación da concesión do uso privativo do dominio público municipal para a instalación – explotación dun tanatorio velorio.

TERCEIRO: O 4 de febreiro, fomos convocados para a mesa de Contratación do 7 de febreiro para a Concesión do uso privativo de dominio público municipal para a explotación e mantemento dun tanatorio – velorio situado na planta baixa do local social de Camporrapado e outra vez foron os representantes do PP os que votaron en solitario esta proposta de adxudicación. Os dous concelleiros integrados no grupo mixto, mantiveron o voto contrario á proposta, toda vez que non se tiveran en conta os pregos de cláusulas administrativas aprobados no pleno do 21 de decembro.

Nestes pregos estipulábase que “Terminado o prazo de presentación de solicitudes, a mesa reunírase o terceiro día hábil seguinte á finalización do prazo de presentación de solicitudes, en acto non público co único obxecto de comprobar as solicitudes presentadas e a documentación administrativa do SOBRE 1”. Tendo en conta que a documentación administrativa estaba aberta, concluímos que non se cumpriron os pregos e que non cabe a proposta de adxudicación.

CUARTO: O equipo de goberno non cesa na súa intención de adxudicar o tanatorio velorio, mesmamente contra do prego de cláusulas administrativas e na Xunta de Goberno Local do 21 de febreiro de 2013, clasifican a oferta de concesión do Tanatorio, requirindo ao licitador para que presente a documentación así como o aval polo importe do 5%.

QUINTO: Finalmente, na Xunta de Goberno Local de 7 de marzo de 2013, o equipo de Goberno adxudica definitivamente o tanatorio velorio nos baixos da Casa de Cultura de Camporrapado á empresa Casablanca, S.L.

SEXTO: O 22 de marzo de 2013, Xabier Canabal Fernández en calidade de Concelleiro da Corporación de Boqueixón presento un Recurso de Reposición contra o acordo de adxudicación do contrato de concesión dun ben de dominio público para a instalación dun tanatorio, acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de marzo de 2013. Neste prantexábanse varios aspectos:

- No prego de cláusulas administrativas, en concreto, no referente aos dereitos e deberes do concesionario, punto 6 das obrigas especifícase que son obrigas do concesionario executar as obras sinaladas no proxecto, proxecto básico aprobado no pleno do 21 de decembro valorado en 239.471,52 €. Porén, e a xuízo do comparecente, sorprende que en ningún sitio do anuncio se fale deste extremo, punto fundamental para a licitación da concesión do uso privativo e para a súa instalación.
- Sorprende que antes de iniciar o expediente para a concesión privativa do ben de dominio público para a instalación dun tanatorio – velorio (iniciada por acordo plenario de 21 de decembro de 2012), concretamente o 10 de setembro de 2012, con rexistro de entrada no concello do 12/2177, se recibise un escrito da Funeraria Casablanca, S.L. (que finalmente foi o adxudicatario do contrato), amosando o seu interese sobre o Tanatorio. Máis aínda sorprende que tras este interese fose esta empresa a única en presentar unha oferta e finalmente adxudicataria do contrato.
- Na mesa de contratación do 7 de febreiro, os concelleiros do grupo mixto advertiron que non se estaban a cumprir os pregos de cláusulas aprobados no pleno do 21 de decembro, votando en contra e advertindo da irregularidade, que non foi corrixida.

É así que no propio recurso de reposición se solicita:

1. Que se emenden os erros administrativos na tramitación.
2. A suspensión temporal da adxudicación do Contrato de concesión do uso privativo de dominio público municipal para a explotación e mantemento dun tanatorio mentres se tramite e resolva o presente recurso de reposición.

SÉTIMO: O 5 de abril rexístranse no concello 219 sinaturas dos veciños de Oural – Pousada e Sucira solicitando ao pleno da corporación a reconsideración da opción plantexada e remítese asemade un escrito á empresa Casablanca para que decline facer o Tanatorio nos baixos da Casa de Cultura.

OITAVO: O 8 de abril, con rexistro de saída 13/345 o concello rexeita o recurso de reposición prantexado. Porén non hai argumentación xurídica consistente en canto ao nó central do recurso, é dicir, o incumprimento dos pregos de cláusulas administrativas.

Textualmente se di:

“En canto ao incumprimento dos pregos, debemos ter en conta o artigo 160 do Real Decreto 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos, no cal se indica que o órgano competente cualificará previamente a documentación á que se refire o artigo 146 (personalidade xurídica do empresario, declaración responsable de non estar incurso en prohibición para contratar, etc...).Realmente isto foi o que se fixo a fin de comprobar que toda a documentación

administrativa do licitante era correcta o cal non xerou ningún tipo de influencia na adxudicación do contrato, debido por un lado a que a única documentación aberta era a acreditativa do cumprimento dos requisitos previos e por outro a que no procedemento só se presentou un licitador.”

E analizando o artigo 160 do Real Decreto 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos, textualmente se estipula:

Artigo 160. Exame das proposicións e proposta de adxudicación.

1. O órgano competente para a valoración das proposicións cualificará previamente a documentación á que se refire o artigo 146, que deberá presentarse polos licitadores en sobre distinto ao que conteña a proposición. Posteriormente procederá á apertura e exame das proposicións, formulando a correspondente proposta de adxudicación ao órgano de contratación, unha vez ponderados os criterios que deban aplicarse para efectuar a selección do adxudicatario, e sen prexuízo da intervención do comité de expertos do organismo técnico especializado aos que fai referencia o artigo 150.2 nos casos previstos no mesmo, cuxa avaliación dos criterios que esixan un xuízo de valor vinculará a aquel a efectos de formular a proposta. A apertura das proposicións deberá efectuarse no prazo máximo dun mes contado dende a data de finalización do prazo para presentar as ofertas. En todo caso, a apertura da oferta económica realizarase en acto público, salvo cando se previa que na licitación poidan empregarse medios electrónicos.

Cando para a valoración das proposicións se teñan que ter en conta criterios distintos aos do prezo, o órgano competente para isto poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos. Igualmente, poderán solicitarse estes informes cando sexa necesario verificar que as ofertas cumpren coas especificacións técnicas do prego.

2. A proposta de adxudicación non crea dereito algún en favor do licitador proposto fronte á Administración. Porén, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

É dicir, en ningún dos puntos do presente artigo se pode inferir resposta ao porque o sobre da documentación administrativa estaba aberto antes da mesa de contratación, porque non existe máis órgano competente, á vista do prego de cláusulas administrativas, que a propia mesa de contratación.

E así que tendo en conta a Exposición de Motivos da presente Moción, os argumentos prantexados nesta, e tendo en conta a petición dos veciños de Oural, Pousada e Sucira, cremos necesario instar ao equipo de goberno a que desista da iniciativa prantexada e en todo caso, estude outras situacións para o Tanatorio Municipal, que non prexudiquen os intereses xerais do Concello tal e como se expresa nos pregos de sinaturas presentados polos propios veciños das tres parroquias indicadas. E así, que sometemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

1. Incoar o expediente para deixar sen efecto a concesión privativa dun ben de dominio público para a instalación dun tanatorio – velorio nos baixos da Casa da Cultura de Camporrapado.
2. Estudar unha situación alternativa para o tanatorio, que de ser municipal, debера instalarse no centro xeográfico do Concello.

A continuación o señor Calvelo di que o que se pretende non ten pés nin cabeza, pois trátase dun local no que hai determinadas actuacións musicais, falta de luces e ventilacións e situado xunto á escola infantil. Segue dicindo que de todas as parroquias do concello, que son once, só tres poden estar a favor e desas tres non todas as persoas. Pregunta ¿qué razóns hai para xustificar esta situación do tanatorio?, e di que se deberían xuntar para buscar un punto céntrico do concello.

A señora García Fraga di ó señor Canabal o motivo polo que o sobre coa documentación administrativa fora aberto previamente e non na mesa: “Foi para evitar facer a segunda mesa de contratación, especialmente por razóns económicas e ademais daquela vostede estaba de acordo.

Vostede (segue dicindo a señora García Fraga) di que hai que aforrar e ademais só se presentou unha empresa. Por outro lado vostede presenta as sinaturas fóra de prazo cando xa se celebrara a Xunta de Goberno.”

“Neste intre prodúcese no Salón de Plenos un altercado entre os Concelleiros García Fraga e Canabal Fernández. O señor Alcalde dilles a ambos que deixen de rifar.”

Segue dicindo a señora García Fraga que os baixos da Casa da Cultura levan máis de vinte anos construídos e que nunca se empregaron para nada.

Neste momento prodúcense preguntas e alteracións entre o público asistente, ao que o señor Alcalde lles manifesta que as preguntas se poderán facer ó final da sesión e que se manteñan en silencio.

Segue dicindo a señora García Fraga, ¿Cómo é posible que o señor Canabal lle diga ós veciños que desaparecerán as pistas de tenis?

O señor Canabal visiblemente alterado di que el nunca dixo iso.

A señora García Fraga di que se habilitará unha zona situada na parte traseira da Casa da Cultura para o aparcadoiro dos autobuses, e segue dicindo que este concello por casas da cultura non ten problema pois hai un metro por habitante.

Pregúntalle ó señor Canabal se coñece os accesos, ao que responde o señor Canabal que se teñen algo máis que o presenten.

O señor Calvelo di que desde o principio se manifestaron en contra e expuxeron os seus motivos e o señor Canabal con ton excesivo di que son os mesmos que lle dixerón ós veciños e que constan en acta.

O señor Alcalde dille ó señor Canabal que non levante a voz, e segue dicíndolle que comprende que non queira o tanatorio nesa zona pero que el mesmo (o señor Canabal) dixo que non está en contra da mesa de contratación o que está é en contra do tanatorio en Camporrapado, pero vostede tampouco o quixo en Lestedo

Por outro lado, segue dicindo o señor Alcalde, vostede dinos que expropiemos unha leira ¿pero ónde?

O señor Canabal responde que é o Alcalde o que ten que busca.

O señor Alcalde pregunta ó señor Canabal ¿por qué non recorreu a recalificación para o cambio de uso? e dille que como lle saíu ben o de Lestedo agora desexa o mesmo.

O señor Canabal alteradamente di que se deben cumprir os pregos e non se fixo, e o señor Alcalde dille que se pode falar sen gritar e que esta é a segunda vez que o chama á orde, a terceira terá que ordenarlle que abandone o local.

Por outro lado o señor Alcalde lémbrale ó señor Canabal que na Xunta de Goberno do 5 de setembro de 2012 aprobouse a memoria valorada do acondicionamento do campo de fútbol de Camporrapado.

O señor Canabal responde que non o veu.

O señor Alcalde di que unicamente se vai retirar os muros antigos e facer outros.

Neste intre o señor Calvelo le un escrito que un veciño da zona lle presentou e di o seguinte:

“TANATORIO CASA DA CULTURA NON

*Os veciños das tres parroquias afectadas pola construción do tanatorio na Casa da Cultura non nos opoñemos en ningún momento a que se constrúa un tanatorio no noso concello.*

*Tan só pensamos que a Casa da Cultura non é o lugar idóneo para a súa instalación porque, entre outras cousas, iso terminaría coa función que se lle ven dando á citada casa.*

*O seu baixo estaría ocupado polo tanatorio e na parte de arriba non se podería realizar ningunha das actividades que alí se veñen facendo, xa que estas serían incompatibles co uso do tanatorio.*

*Todos podemos entender que non é lóxico que uns rapaces estean na ludoteca e a súa vez unha familia estea velando o seu defunto.*

*Aparte diso , temos a carón unha escola infantil, con nenos de 3 a 6 anos, demasiado pequenos para ver circular por alí coches fúnebres , coroas de flores e familias afectadas. Tamén é incompatible escola infantil e tanatorio.*

*No mesmo lugar atópase un campo de fútbol e un parque infantil.*

*Non nos imaxinamos un sábado ou un domingo soleado os berros dos rapaces e os goles dos xogadores convivindo coa tristura que se pode respirar nun tanatorio.*

*En resumo, non entendemos as razóns que ten o noso concello para instalar alí un tanatorio.*

*E non as entendemos, entre outras cousas, porque non no las explicaron.*

*Parece absurdo que o concello co seu alcalde ó fronte non sexa capaz de asistir a unha reunión veciñal e explicar que é o que quere facer e cómo e contar coa opinión dos veciños.*

*Temos tres concelleiros pertencentes ás parroquias afectadas e ningún deles foi capaz de dar a cara ante os veciños. Iso sí, foron quen de poñer en dúbida a nosa opinión, non facendo caso algún das 219 sinaturas que se recolleron en contra do tanatorio e acusando os concelleiros da oposición de enganarnos. Cousa que non é certa.*

*O único que fixeron os concelleiros da oposición foi darnos unha información que se non é por eles descoñeceríamos.*

*E nos entendemos que o primeiro que non tiña que haber achegado esta información era o Concello co seu alcalde á fronte.*

*Senón ¿para qué queremos un alcalde e uns concelleiros se non son capaces de gobernar para os veciños e non en contra deles?*

*Para gobernar co “dito e mando” non fan falla eleccións nin democracia”.*

O señor Alcalde di que respecta a opinión de todos pero cre que é compatible a existencia do tanatorio coa escola infantil e con todo o demais. De feito (segue dicindo) en Boisaca hai unha escola infantil en fronte ó tanatorio.

Neste momento o público asistente comenta algo e o señor Alcalde dilles que despois da sesión poderán dicir ou preguntar o que desexen.

O señor Canabal di que desde ANOVA e PS de G revisarán as licenzas de obras e todos os trámites esixibles para comprobar que todo se faga correcta e legalmente.

Por último dicir que vostedes están rexeitando unha moción presentada polos veciños.

Sen máis procédese coa votación da moción número 879 presentada polos Concelleiros Canabal Fernández e Calvelo Otero, e cos votos a favor de ANOVA e PS de G e en contra do PP, rexeitase.

## **7. Información da alcaldía**

Dáse conta dos Decretos habidos desde o 13 de marzo ata o 3 de maio do 2013, do que se dan por informados.

## **8. Toma de razón da renuncia do Concelleiro don David P. Calvelo Otero**

O día 15 de abril de 2013, co número de rexistro de entrada 13/738, ten entrada no Concello, o escrito presentado polo Concelleiro do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, don David Paulino Calvelo Otero, no cal sinala literalmente:

*“Por medio desta comunicación manifesta súa intención de RENUNCIAR a acta de Concelleiro por motivos persoais.*

*Agardo do Pleno do Concello que tome coñecemento desta renuncia e inicie os trámites necesarios para a elección do novo Concelleiro, segundo o establecido na LOREG”.*

A vista do cal o Pleno da corporación acorda:

1. Tomar razón da renuncia ó cargo de Concelleiro desta corporación municipal de don David Paulino Calvelo Otero, que pertence á lista electoral do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE e que terá efectos desde esta data, a partir do cal se produce a vacante do correspondente escano.

2. Remitir oficio á Xunta Electoral Central para que expida a credencial de Concelleiro/a electo/a a favor do candidato/a que conste no seguinte lugar na lista

electoral correspondente ó Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, co fin de ocupar o escano, previo cumprimento dos requisitos legais establecidos.

A continuación o señor Calvelo di o seguinte:

*“Todas as despedidas teñen un algo de tristura. Todo nesta vida ten un principio e un final.*

*O final político desde Concelleiro nesta 8ª lexislatura democrática, prodúcese hoxe.*

*O motivo da miña decisión de renunciar ó cargo de Concelleiro é dar cumprimento ó acordado cos compañeiros do grupo do Partido Socialista de Boqueixón.*

*Non abandono o Partido Socialista, do que son simpatizante desde a época do profesor Tierno Galván, e militante desde fai dous anos.*

*Polo tanto a miña renuncia non é un adeus definitivo á política activa, senón que vou a seguir colaborando co partido e cos compañeiros como ata agora.*

*Señor Alcalde, a nivel político as diferenzas que nos separan son importantes.*

*Non coincidín con vostedes en moitas das actuacións que nesta sala se debateron, como reflecten as actas dos plenos.*

*A min non me gusta “mesturar churras con meiriñas”. Unha cousa é o debate político, que pode ser máis ou menos agresivo, e outra moi distinta e relación de compañeirismo e amizade que poida haber entre nos.*

*Por iso nunca tiveron ningún problema en compartir con vostedes mesa ou un vaso de viño.*

*A nivel persoal as cousas foron moi distintas. Por iso señor Alcalde, señoras Concelleiras, señores Concelleiros do Grupo Popular de Boqueixón, quero darlles as grazas polo seu comportamento para comigo. Moitas grazas.*

*Ó Concelleiro Xabier Canabal, co que compartín oposición, non teño máis que verbas de agradecemento, polo seu apoio e colaboración. Grazas Xabier.*

*Á Secretaria dona Elena Suárez, darlle as grazas pola súa imparcialidade, polo seu respecto e polo seu traballo, co que coincidín plenamente en algúns dos seus informes.*

*Quero dar tamén as grazas ás funcionarias, ós funcionarios e a todos os traballadores do Concello, polo seu trato para con este Concelleiro nestes dous anos.*

*De todo corazón quero dar as grazas as persoas deste concello, que depositaron a súa confianza na candidatura do Partido Socialista de Galicia, nas eleccións municipais do pasado mes de maio de 2011, dándonos o seu VOTO. A todos moitísimas grazas.*

*Moitas grazas tamén os medios de comunicación (prensa, radio e televisión) pola súa información veraz e imparcial. Grazas.*

*Por último, quero dar as grazas máis sinceras os compañeiros do Partido Socialista de Boqueixón, por haberme permitido encabezar a lista ás eleccións municipais, e a todos os que me acompañaron nela, polo seu apoio e a súa colaboración. Estareivos sempre agradecido.*

*Substitúeme o compañeiro Perfecto Barcala Mosquera, empresario de Pontevedra, de todos coñecido, con experiencia no cargo, pois xa foi Concelleiro. Non dubido de que fará un magnífico traballo nestes dous anos que restan de lexislatura.*

*Señor Alcalde: Gustaríame que a partir de hoxe o entendemento entre o grupo de goberno e a oposición fose mellor que ata agora. Que pensemos máis en resolver as necesidades do concello e dos seus cidadáns e menos nos intereses partidistas. Se todos poñemos da nosa parte un pouco de sentido común e boa vontade, sei que isto non será difícil de conseguir. Porque iso é o que queren os homes e mulleres deste concello. Que nos entendamos.*

*Que teñades moita sorte, no desempeño das vosas funcións e sobre todo saúde e traballo para TODOS.*

*Moitísimas grazas”.*

Seguidamente o señor Alcalde di que foi un pracer traballar estes anos co señor Calvelo porque sempre defenden ós veciños de Boqueixón, independentemente das ideoloxías de cada un. Sempre houbo amizade. Grazas en nome de todos.

O señor Canabal di:  
“Nunca me foi doado tomar palabra nestas ocasións.

Teño que recoñecer as miñas limitacións para nestes casos manter protocolariamente os rigorosos actos cénicos de agradecemento e parabéns polo intenso traballo realizado e desexarlle boa sorte.

O infranqueable valado dos nove.

Ben aínda que como xa dixen, estas cousas non se me dan ben, si quixer desta volta tentar facer un recoñecemento ao Concelleiro que hoxe nos deixa. E quero facelo máis aló das palabras cortesés e baleiras de agradecer os seus servizos e de desexarlle sorte.

Coido, que David acabou metido na lea partidaria de Boqueixón, pensando, que a pesares das maiorías do PP, en Boqueixón se podían aportar cousas. E coido, que ao igual ca min ve, que o muro infranqueable da maioría absoluta do Partido Popular non atende a razóns e só atende á aritmética das votacións. Dá igual de que se trate, o muro dos 9 parece infranqueable e parece darlles azos para facer calquera cousa (e a moitos temas destes últimos dous anos podo referirme, como o do Tanatorio, o manido tema das fusións municipais...).

Coido, e así mo ten expresado en algunha charla que temos mantido, que bota de menos aquela primeira lexislatura democrática, na que a falta de recursos e as necesidades sociais facían que os concelleiros chegaran a acordos, que discutiran, que razoaran, e que no fondo chegaran a acordos para distribuír o pouco orzamento co que se contaba. Mais coido tamén que tristemente observou que isto, por desgraza, na actualidade non é posible. Aínda que tamén vivimos nuns anos de emerxencia que nos obriga a todos a

arrimar o ombreiro, e a contribuír a que esta situación se reverta, puido comprobar que o valado dos nove parece infranqueable e impermeable a razóns; só entende de aritmética.

Por último, teño mantido algunhas conversas políticas con David antes de ser membro desta corporación. Conversas pausadas e coido que moi atinadas. Non vou a negar a miña sorpresa cando souben que encabezaría a lista do PSOE; mais teño que dicir tamén que a relación ao longo destes dous anos, mellorou. Quizais pola súa forma de ser, pola súa forma de entender a política, pola súa experiencia como xa dixen, do primeiro e segundo mandato municipal aló polos anos 80 do que formou parte. Cando un concelleiro pon por diante os intereses xerais dos veciños aos intereses partidarios, resulta doado chegar a acordos. E así foi. Nunca lle tremeu a man, incluso cando houbo que dar un golpe na mesa. Foron dous anos estes nos que tiveron un concelleiro co que realmente puideron partillar moitos temas, e co que puideron manter un traballo político honesto. Mesmamente aínda non conseguindo en multitude de ocasións, traspasar o valado infranqueable dos nove.

Quero pois publicamente e no pleno desta corporación, ofrecer todo o meu esforzo para chegar a acordos co concelleiro que o substitúe. A crise xeral que padecemos, e a situación particular na que está metida o noso concello, merece partillar dunha alternativa o suficientemente ampla que poida abrir conciencias e con isto, poder abrir este infranqueable valado dos nove.

Non é unha visión reduccionista nin pesimista da situación deste concello. Ao contrario. O infranqueable valado dos nove comeza a ter algún furado polo que se pode ver a luz. O valado comeza a aburarse ante a razón. E como xa se ten dito moitas veces, “muros máis altos caeron”.

Moitas grazas David”.

A señora García Fraga di que están encantados de ter compartido co señor Calvelo estes anos na corporación de Boqueixón e deséxalle moita sorte e saúde.

## **9.Rogos e Preguntas.**

Antes de pasar a este punto entrégaselle ó señor Canabal a contestación á seguinte pregunta efectuada polo señor Canabal no Pleno do 13 de marzo de 2013.

Pregunta: ¿A factura de “Señalizacións del Noroeste SL”, por sinalización horizontal no concello. Setembro 2012? ¿Qué sinalizaron e onde se efectuaron as sinalizacións?

Resposta: Sinalizáronse todas as vías municipais que estaban aglomeradas.

A continuación o señor Canabal fai os seguintes rogos e preguntas:

### **PREGUNTAS:**

1.- Sobre as contratacións e despedimentos do GRUMIR.

Primeiro: En resolución da alcaldía de data 02/01/2013, o alcalde de Boqueixón resolve ampliar a contratación ata o 31/03/2013 dos traballadores que foran contratados con data de 01/07/2012 e que finalizaran o 31/12/2012. En concreto estes eran: Carlos Uzal Díaz, José Antonio Oliveira García, José Antonio Castro Martínez, José Olimpio Agrelo García, Miguel Ángel Tembra Outeiral, Esteban Estévez Maza, Antonio Fernández Varela, Juan Manuel Silva Hermida, José Quintela Filgueira, Carlos Torres Gil, Manuel Pérez Serrano e Manuel Fernández Vieites. Estes foran contratados para a prestación de servizos como Grupo Municipal de Intervención Rápida, baixo a subvención concedida pola Concellaría de Traballo e Benestar, Programas de Cooperación da Xunta de Galicia.

Segundo: No pleno do 13 de marzo de 2013, ante as novas que estaban aparecendo nos xornais e ante o inminente remate dos contratos o 31/03/2013, preguntei no pleno deste Concello e así se recolle na acta polo Plano de Emerxencias, e pola continuidade do GRUMIR de Boqueixón. O alcalde resposta que de momento van a seguir porque llo aseguraran “darriba”, aínda que non puidemos coñecer quen, en que condicións, e se habería ou non subvención.

Terceiro: En decreto da alcaldía de 27/03/2013, o alcalde resolve ampliar a contratación dos traballadores con achega municipal do 100% dende o 01/04/2013 ata o 31/12/2013. Suponse que o “darriba” lle asegurara a subvención, aínda que pon con achega municipal.

Cuarto: Posteriormente o 5 de abril (nove días despois) a alcaldía asina outro decreto modificando as condicións anteriores, é dicir, a do decreto de 27 de marzo, onde se di “cunha data de finalización que por erro se puxo o 31/12/2013 cando a que lle correspondería sería do 30/04/2013, posto que estaba pendente de resolución da prórroga da subvención, cando no decreto de 27 de marzo se afirmaba que era con achega municipal do 100%.

Quinto: Ante as pescudas feitas, parece que a relación contractual se rematou con estes 12 traballadores, que se ben nestes últimos decretos se especificaba que pertencían ao GRUMIR, todos estes están na RPT do concello como operarios de servizos. Mesmamente algún deles desenvolvía o seu traballo especificamente noutras funcións como as de limpeza de cunetas das estradas municipais, axudante do camión do lixo... É dicir, todos teñen unha vinculación directa con este concello de moitos anos atrás.

Como non puiden comprobar máis que os movementos que se fixeron nos decretos da alcaldía someto ao pleno da corporación as seguintes preguntas:

1. Remataron estas 12 persoas as relacións laborais co Concello de Boqueixón? Que forma de despido ou extinción de contratos se empregou? Hai denuncias formuladas ante o organismo de traballo?
2. Que pasou coa subvención que estaba prometida cos “darriba”, como afirmou no pleno de marzo?
3. Existe algunha previsión de incorporación dos traballadores cesados ou despedidos?
4. Como se cobren os servizos que prestaba certo persoal que foi cesado ou despedido, como pode ser o rozado de cunetas e o servizo do lixo?

5. Cal é a labor dos tres laborais fixos que están vinculados ao servizo do GRUMIR, nomeadamente o Sr. Elías Rodeiro, Sr. Gonzalo Torres, e o Sr. Casiano Veleiro?

O señor Alcalde di que lle contestará por escrito.

### ROGOS:

#### 1.- Sobre a estrada de Quián.

Nos últimos dous meses a estrada que pasa xusto por diante da Escola de Capacitación Agraria de Quián converteuse nun traxecto intransitable. Son multitude de buratos existentes na estrada e grandes pedras que dificultan o paso do coches perigando incluso estes.

Nesta última semana son bastantes os veciños que se teñen posto en contacto comigo para esixir que se tome algún tipo de medida, polo que quero supor tamén que se teñen posto en contacto tamén co Concello.

Debido á gravidade disto, exhorto ao Concello de Boqueixón a que tome algunha medida o máis urxente posible para reparar este tramo de estrada con suma urxencia, posto que supón un verdadeiro perigo ao tránsito dos vehículos.

#### 2.- Iniciativas e preguntas sen responder.

No que vai de mandato son numerosas as iniciativas (en forma de mocións) e preguntas que quedan pleno tras pleno sen responder, mesmamente cando as iniciativas son tomadas por unanimidade pola corporación. Así, facendo un repaso só ás actas dos dous plenos, atópome con diversas cuestións que non son respondidas:

1. Preguntei sobre o Plan de Emerxencias da Xunta (e a afectación aos GRUMIR) e non obtiven resposta.
2. Nos últimos plenos fixen algunhas preguntas en relación á colocación de redes wifis nos locais sociais do concello, moción aprobada en maio pasado por unanimidade. A pesares de ter un custo 0 para o Concello, seguen instándome ás empresas subministradoras do servizo. Para cando van cumprir a moción do ano pasado?
3. O 19 de setembro de 2011, a intervención deste Concello emitiu un informe sobre as altas do abastecemento e saneamento de auga. Textualmente neste dicíase que ao longo do ano 2011 (entre xaneiro e agosto) se produciran altas sen que foran aprobadas nin en Xunta de Goberno nin por Resolución da Alcaldía, e tampouco constaba en tesourería o ingreso das respectivas taxas, cuxo importe ascendería a 4.550 €. Ademais, tampouco constaban os datos de 2010, ano no que entraran en vigor esta ordenanzas”.

Lonxe de defender estas ordenanzas, que neste apartado son unha auténtica animalada, o que non se pode consentir é que non se cumpran as ordenanzas reguladoras de servizo neste Concello, ou que haxa arbitrio á hora do seu cumprimento.

No propio pleno do mes de novembro, preguntei ao alcalde que tendo en conta este informe, porque non se cobraran eses contratos de altas en abastecemento e saneamento. O Sr. Alcalde dixo que me repostaría na seguinte sesión plenaria, según insistindo en máis sesións e nunca recibín resposta.

4. No pleno do 14 de novembro aprobouse unha moción por unanimidade, presentada a instancias deste concelleiro, onde se solicitaba iniciar os trámites necesarios para incoar o expediente de declaración de nulidade do acordo de ampliación do servizo de abastecemento de auga do ano 2006. Varias preguntas que fixen en plenos posteriores foron aprazadas para unha resposta por escrito que nunca chegou. Van a contestarme?

Nestes dous últimos casos, considero que se están a lesionar os intereses xerais do concello como xa ten manifestado, a secretaría intervención no seu informe nas altas de abastecemento e saneamento de auga, e os servizos xurídicos da Deputación no caso do acordo de ampliación do servizo de abastecemento de auga do ano 2006.

Como concelleiro desta corporación tentei sempre obter respostas e instar ao concello (como así o fixemos en pleno e por unanimidade) a tentar recuperar o servizo público de auga, posto que tendo en conta os informes xurídicos, o Concello estaría a favorecer a unha empresa privada, a concesionaria, á costa dos veciños deste Concello.

A actitude do Alcalde desta corporación, que é de desprezo cara os concelleiros que non son da súa corda, neste caso non ten en conta o fondo do asunto, e que se están a prexudicar á totalidade dos veciños de Boqueixón, cousa que non se pode permitir.

É por iso que insto a tomar as iniciativas en breve nos dous asuntos.

Se non é así véxome na obriga de presentar unha querela ante a Fiscalía ao fin de que inicie os trámites nos ámbitos xurisdiccionais.

Sen máis, asuntos que tratar, o Presidente remata a sesión e eu redacto a acta como Secretaria.

A secretaria

Vº e Pr.

O alcalde